

## ESCEA 1 - NORMALIDADE

*Camiñar polo espazo co seu elemento característico*

**Personas que levan atrezzo:**

Sacho	Libro	Mochila	Móvil	Bolsa de tea	Chaves
Eva	Belfy	Isolina	Belén	Yoli	David

**Lisi:** luns

**Olimpia:** actividades para a terceira idade

**Maura:** martes

**Catuxa:** inglés para as nenas

**Xana:** mércores

**TODAS:** calceta (*moi enérxica e moi felices*)

**Petra:** xoves

**Diana:** robótica para as adolescentes

**Nina:** venres

**HOMES:** dardos (*moi enérxicos pero con chulería*)

*Neste momento prodúcese un **cambio de música** e por orde saímos a buscar os xornais.*

### COMEZA A COREOGRAFÍA "ACRÓPOLE"

*As **persoas que non lles toca saír** camiñan a **ritmo lento** e as **persoas que saen** van **rápido polo xornal** e **situáanse na súa posición dos números***

**Orden entrada xornais:**

Eva	Elena
Belfy	Aída
Isolina	Arancha
Jordi	David
Yoli	Belén
Silvia	Natalía
Rosa	Mónica

**Orden alternativo (que tamén debes memorizar)**

Eva	
Belfy	Arancha
Isolina	Belén
Jordi	David
Yoli	
Silvia	Natalía
Rosa	Mónica

**Coro:**

**Rosa:** colle o seu xornal polo **lado dereito**

**Mónica:** colle o seu xornal polo **lado esquerdo**

**Movemento numerados** (*seguimos ao número que nos segue*)

Unha vez estén todas as persoas no seu lugar correspondente comezan os movementos **MARCADOS** (a quen lle toque) e **FLUÍDOS** (a quen lle toque)

Orde de movementos numerados (xornal dobrado pola metade)

<b>1. Eva Marcado</b>	<b>5. Yoli Marcado</b>	<b>9. Arancha Marcado</b>
2. Belfy Fluido	6. Silvia Fluido	10. David Fluido
<b>3. Isolina Marcado</b>	<b>7. Elena Marcado</b>	<b>11. Belén Marcado</b>
4. Jordi Fluido	8. Aida Fluido	12. Natalia Fluido

Parada de cara o público co boletín diante da cara

Os **movementos son 4 de cada vez**

1. Acrópole movemento fluido/marcado
2. Acrópole movemento fluido/marcado
3. Acrópole cambio
4. Acrópole ler o xornal

**Esto repítese 4 veces**

**Coro: Mónica** na esquerda e **Rosa** na dereita **lendo o xornal aberto**

**Segundo cambio na canción:**

Pola **mesma orde** na que entramos cos xornais **SAÍMOS** neste momento pero esta vez con **ritmo normal**

**MENOS YOLI** (quédase no lado dereito lendo o xornal ata que comeza a camiñar a cámara lenta ata a outra esquina do escenario)

**Coro: comparte miradas de complicidade e vai colocar as súas estatuas**

**MOMENTO ESTATUAS**

**Mónica** vai buscar as mulleres da **esquerda**

**Rosa** vai buscar as mulleres da **dereita**

**FILA 1** diante: **1. Isolina (Rosa) 2. Eva (Rosa) 3. Natalia (Mónica) 4. Arancha (Mónica)**

**FILA 2** detrás: **1. Silvia (Rosa) 2. Belfy (Rosa) 3. Belén (Mónica)**

**Instruccións coro:** as estatuas saben onde teñen que ir así que só lles indicamos levemente o seu lugar, é dicir, o coro está sempre no mesmo sitio **NON LEVAMOS AS ESTATUAS** isto é para non tapar

Cando remata a parte falada da canción as lanternas están preparadas diante da cara, movemento lanternas e na frase **"toda a nosa historia estase a rescribire"** xa temos a **bola feita co xornal e a levantamos o brazo dereito e co brazo esquerdo preparamos a lanterna.**

**ENCENDO-TIRO PAPEL-APAGO-MARCHO**

**Mentras isto se produce no outro plano temos ao coro e a Lisi. O coro encárgase de iluminar a acción de Lisi.**

**Yoli** cando chegues en cámara lenta a túa posición no lateral do escenario, **abres o xornal e comezas a rompelo e despois fas unha bola** e cando se marchen todas do escenario e teñan as lanternas diante **dis a túa frase.**

**Lisi:** o que nos faltaba

## ESCEA 2 – GOTA QUE COLMA O VASO

*Dúas cadeira no escenario situadas costas con costas pero de lado para que sexa máis doado mover unha persoa*

**Entra Jordi** polo lado **dereito** e **Natalia** polo lado **esquerdo** coas cadeiras e quedades situados detrás á mesma altura. Na cadeira de **Yoli** haberá o **set de constura** e na de **David** a **baralla**.

*Lembramos David e Yoli cando vos toque falar sempre facendo acción*

**Cinesio** (ten unha baralla de cartas nas mans): non sei a que ven tanta historia

**Cambia Natalia a Yoli, Jordi a David**

**Lisi** (cunhas agullas de calcetar e fío): unha cousa tiñamos, só unha

**Cambio**

**Cinesio**: poden calcetar na casa, ou non?

**Cambio**

**Lisi**: traballo os sete días da semana, 24h horas ao día porque cando non estou no traballo estou facendo as cousas da casa, cando non estou facendo as cousas da casa estou cos fillos e así toda a vida

**Cambio**

**Cinesio**: oes, que a min non me importa que veñan xogar ao mus eh. Non veñen porque non queren

**Cambio**

**Lisi**: ata aquí (rotunda)

*Levántase e marcha cos seus obxectos de calcetar*

*Cambio de escenario enérxico*

**Jordi** colle a cadeira correspondente e sae pola **dereita** e **Natalia** o mesmo pero pola **esquerda**

**Sae**

**Escuro**

## ESCEA 3 – INICIO DO CAMBIO

*As mulleres (menos Lisi) están no escenario agardando mentres que falan entre elas, nótase o malestar por parte dalgunhas pero Aurelia e Deolinda non o saben moi ben pero están aí porque queren apoiar as súas veciñas.*

*Fórmanse diferentes grupos Belfy, Belén e Eva xuntas no centro un pouco cara a dereita. Natalia e Arancha quedan no lado esquerdo. Por último, Isolina e Silvia que entran cada unha dun lado e quedan máis apartadas.*

**Entra o coro e sitúase na súa posición da cal non se vai mover, a súa acción será VARRER**

*Entra Lisi*

**Xana**: a ver que teño entrar na escola nun anaco

**Catuxa**: que sorte tes, eu levo traballando xa tres horas e son ás 8:30 da mañá

**Maura:** claro, porque as hortas en verán réganse pola mañá cedo

**Nina:** ou pola noite

*Todas quedan mirando para elas*

*Lisi fai un xesto de man cara arriba para indicar que xa se acabou o tema, agora a falar do importante*

**Lisi colócase no centro e facemos a figura arredor dela**



*Lisi di a súa frase*

**Lisi:** collíchedes pola mañá o boletín de novas

**Asenten**

**Lisi:** léstelo

**Asenten**

**Olimpia:** eu a verdade pouco lin que tiña que levarlle o almorzo á nena

**DESFACEMOS FIGURA**

**Diana:** pois no boletín pon que cancelan a tarde de calceta dos mércores

**Petra:** quítana para poñer unha tarde de mus

**Maura:** pero eso está xenial, non?

**Nina:** claro, podemos aprender a facer mus de fresa, de chocolate, de café

**Aurelia:** xa podían papar un mus de cabeciña para ver se collen algo de sentido

**TODAS RIN**

**Xana:** non rapazas, é o mus o xogo de cartas

**Lisi:** que opinades?

## FORMAMOS FIGURA

**Catuxa:** outra cousa máis que nos quitan (érguese mentres di a frase e volve ao seu sitio)

**Petra:** non é a primeira (érguese mentres di a frase e volve ao seu sitio)

**Diana:** nin tampouco a última (érguese mentres di a frase e volve ao seu sitio)

*Coro corta un fío*

**Entran Calisto e Cinesio**

**Cinesio entra coas chaves facendo ruido**

**Cinesio:** pero se estades todas aquí xa

**Calisto:** liscando que temos que buscar as barallas (*ponse a buscar*)

**Aurelia:** pero vos que facedes aquí? a esta hora só podemos estar aquí o persoal de limpeza

**ALTERNATIVA**

**CORO**

**Eurídice:** pero que fan aquí?

**Clío:** non poden estar aquí, non poden

**Neste momento Cinesio vai na axuda de Calisto e é o momento no que Lisi lle colle as chaves**

**Lisi:** eh, isto non vai quedar así. Aquí á noite,entendido? (E marcha coas chaves)

**Asenten**

**Cinesio:** pero que pasa?

*Saen todas*

**Calisto** (*acércase a Cinesio*): oe

**Cinesio:** qué che pasa?

**Calisto:** non encontro as barallas

**Cinesio:** a min que me dis?

**Calisto** (*pregúntalle a Aurelia e Deolinda*): sabedes onde están as barallas? A última vez que as vin estaban aquí

**Aurelia:** ti saberás (*collendo a vasoira e saíndo*)

**Deolinda:** como vaya yo y las encuentre (*ríe e sae*)

## ALTERNATIVA

**Calisto (falando con el mesmo):** onde estarán as barallas?

**Clío:** ti saberas

**Eurídice:** "como vaya yo y las encuentre"

**Cinesio:** anda tira, vamos comprar outras

## O coro sae coas vasoiras e ameazan a Calisto e Cinesio

## E xa quedan coas vasoiras no centro do escenario

LEMBRO que o coro é un ente polo tanto xogade a ser antinaturais.

## BREVE COREOGRAFÍA SÓ DE CORO

Coro:

**Eurídice (Rosa)** - Nesta aldea do interior de Galicia as tardes de calceta foron substituídas por unha tarde de mus.

**Clío (Mónica)** - Supoño que vos estaredes preguntando porqué este cambio é tan significativo. Pois ben, esta aldea é moi pequena pero ten moita vida o que supón compartir o único espazo no que se desenvolven diferentes obradoiros.

**Eurídice (Rosa)** -Esta mañá as nosas veciñas leron no xornal esta trágica nova e....

**Clío (Mónica)** -Agarda, entón isto é unha traxedia? Unha traxedia grega

**Eurídice (Rosa)** -e como é normal ningunha está de acordo pero será a nosa benquerida Lisístrata a que tome unha decisión inusual

## ESCEA 4 - EMPEZA A REVOLTA

### COREOGRAFÍA " QUÉN É A QUE CANTA?"

Comeza a música e **entra Lisi** na frase "quen era eu onte..." chega e xira as cadeiras a modo de atril para pintar as cartolinas.

No coro "eaaaa" **entra Diana** (baixa a música para o texto)

*Lisi (chega con cartolinas moradas con mensaxes feministas e empeza a pintalas)*

### **Entra Diana**

**Diana** (entra con máis cartolinas): sabía que estabas pensando isto

**Lisi:**(mira a Diana) e eu sabía que ti ibas facer o mesmo

*Lisi e Diana comezan a facer que pintan as cartolinas*

**Sube a música e entra o resto.** Neste momento desorde para iso collemos as caixas de outras, un pincel, o spray... **O QUE SEXA PERO BUSCADE ALGO QUE FACER NESE TEMPO**

*Catuxa e Nina entran cunha caixa con botes de spray*

Maura e Xana **entran** con pinceis

**Aurelia, Deolinda e CORO** entran directamente con pancartas pegadas nas vasoiras

**ARANCHA E NATALIA = PREVENIDAS** para colocarse no centro do escenario e facer o **XOGO DE PALMAS**  
Despois das Palmas **entran Silvia e Isolina** como **perdendo o equilibrio** e o resto vamos ao seu rescate a cámara lenta.

Colocamos a **Silvia e Isolina** no **centro** e facemos corro arredor delas.

**Olimpia:** se paramos nós...

**Petra:** párase o mundo, non?

**ARANCHA E NATALIA = PREVENIDAS** para colocarse no centro do escenario e facer o **XOGO DE PALMAS**  
Despois das Palmas **entran Silvia e Isolina** como **perdendo o equilibrio** e o resto vamos ao seu rescate a cámara lenta.

Colocamos a **Silvia e Isolina** no **centro** e facemos corro arredor delas.

Na parte da canción que di XO-XO-XOGOS=manipular a Silvia e Isolina para que se fagan fortes. Cando isto acaba vamos a montar o escenario.

**PANCARTA ESQUERDA**

**PANCARTA DEREITA**

**CARTOLINAS CADEIRAS**

**CARTOLINAS ESCENARIO**

**ENTRAN CALISTO E CINESIO**

**PREVENIDAS PARA RITMO**

Eva=sacho

Resto=agullas como se foran baquetas

**Acaba o ritmo e formades un círculo de costas ao público**

**Baixada de música e comeza a escena de Calisto e Cinesio**

*Ilumínase un lateral do escenario e aparecen Calisto e Cinesio*

**Calisto:** *(deixáse levar pola música e comeza a bailar)*

**Cinesio** *(indícalle que pare)* queres parar Calisto?

**Calisto** *(para en seco e quédase como unha estatua)*

**Cinesio:** todas tolas

**Calisto** *(imitando a Cinesio):* todas todas. A miña muller tamén?

**Cinesio:** a túa é a peor de todas

Mentras están falando os homes colocación frase final

Lisi no centro

**MOVEMENTOS DA CONA:**

**Xiro**

**Levantar cabeza**

**Mano dereita**

**Mano esquerda**

**Movemento cabeza**

**Levantamos ao ritmo da música**

*Berro final*

**Todas** - Ata a cona!

**Entra coro**

**Coro:**

**Clío-sí** escoitáchedes ben

**Eurídice-** están ata a cona!

**Escuro**

**ESCEA 5 - OS FOLGOS FRAQUEAN**

*O escenario está colocado con dúas cadeiras no lado dereito e dúas no esquerdo nunha especie de diagonal.*

**Nas cadeiras da dereita**

***Sentada - Olimpia (isolina)*** - que está calcetando porque se lle da moi ben e se deixa peinar por Nina

***De pe - Nina (Arancha)*** - peinando a Olimpia

***Sentada - Petra (Silvia)*** - que está intentando calcetar pero non se lle acaba de dar e aínda por riba Maura está detrás dela tocándolle o pelo

***De pe - Maura (Natalia)*** - peinando a Petra

**Nas cadeiras da esquerda**

***Senatada - Aurelia (Aida)*** - durmindo a mona apoiada en Lisi

***Sentada - Lisi (Yoli)*** - moi concentrada calcetando

***De pe - Catuxa e Diana*** - falando detrás, coma se estiveran tramando algo

*Petan na porta*

**Lisi:** vou eu

*Lisi sae*

**Petra:** non nos fan nin caso

**Catuxa:** coma sempre pensan que sono unhas tolas

**Olimpia:** non sei se ir facer o almorzo...

**Diana:** Non

**Xana:** Olimpia, poden estar sen ti

*Lisi entra disgustada e queda nunha beira*

**Diana:** temos que aguantar todo o posible

**Lisi:** néganse a negociar, din que está decidido

**Maura:** penso que deberíamos facer algo que colla tan desprevidos aos homes para que non lles quede outra cousa que negociar

*Todas miran sorprendidas a Maura*

**Olimpia:** tes toda a razón

*Lisi ten unha idea e toma o centro do escenario*

**Lisi:** Folga sexual

**Nina:** Si, folga sensual (fai xesto sexy co corpo)

**Diana:** sexual, non sensual

*Nina mira a Diana sen comprender o que lle está dicindo*

**Catuxa:** de sexo

*Petra santíguase*

**Xana:** queres que non fodan os homes?

**Lisi:** non, quero que as mulleres se neguen a foder cos homes

*As máis novas ríñse*

**Maura:** será unha broma, non?

**Aurelia:** (desperta sobresaltada) ai, logo eu non fago folga

**Diana:** é a única maneira de que nos escoiten

**MENTRES FALA CORO SAEN XANA, CATUXA E DIANA**

**Coro:**

**Clío:** non poñades esa cara que isto xa se propuxo unha vez

**Eurídice:** ai sí? Cando?

**Clío:** no 411 a.C. Exactamente foi para parar as guerras do Peloponeso.

**Eurídice:** as guerras de qué?

**Clío:** do Peloponeso, un conflito entre Atenas e Esparta

**Eurídice:** Credes que resultou?

**Escuro**

## ESCEA 6 - INDIGNACIÓN MASCULINA

*Cinesio e Calisto nunha das beiras xogando as cartas*

**Calisto:** nalgún momento sairán, non?

**Cinesio:** pois claro, non van saír! terán que vir facer a comida nalgún momento

**Calisto:** levo (*conta*) 1,2,3...12 horas sen comer nada

**Cinesio:** eu por aí levarei

**Calisto:** e os nenos?

**Cinesio:** que pasa con eles?

**Calisto:** din por aí que non os van buscar á escola, nin as nais, nin as tías, nin as avoas...

**Cinesio:** están os nenos na escola?

**Calisto:** e que ademais as mestras e as nenas están de acordo con... iso que están facendo e non pensan facer nada

**Cinesio:** (*mira a Calisto con indignación e pecha a partida*) A falar con elas logo

**Entra coro**

**Clío:** ide, ide

**Eurídice:** xa veredes que logo volvedes!

## ESCEA 7 - EXPLICACIÓN DAS PARTES

*Luz non escenario principal as mulleres seguen co plan de folga mentras **tatarean "Lisístrata"***

**Mantede as posicións da escea 5**

*Entran por diferentes lados do escenario (Xana e Catuxa)*

**Xana entra cun pincel e un pano (como se viñera do baño de limpialo)**

**Xana:** acabo de falar coas colegas da escola, apóianos en todo!

**e ponse a retocar unha das pancartas**

**O resto asenten moi contentas**

**Catuxa:** falei con todas as mulleres da aldea que se dedican ao rural, ao cen por cen con nós

**Asentir contentas**

**Nina:** (preocupada) Catuxa, sabes algo da miña nai?

**Catuxa:** tranquila Nina, a túa nai, a tía-avoá de Petra e a bisavóá de Olimpia dixéronme que xa era hora de que se fixera algo así

**Olimpia:** pois se o din elas que son as mulleres máis vellas da aldea...

**Lisi érguese para deixarlle o sitio a Catuxa que vai roubarlle un grola a cervexa de Aurelia**

**Petra:** cantos anos terán entre as tres?

**Xana:** uns 345... máis ou menos

*Todas rin*

*Entra Diana*

**Diana** (*entra falando por teléfono*): Estouche dicindo que non vou ir hoxe, non vou ir mañá e seguramente non vou ir en todo a semana (*silencio*) e dálle (*faille un xesto ao resto como que está farta desta conversa e colga a chamada*)

*Todas está atentas a conversa de Diana*

**Maura:** que foi Diana?

**Catuxa:** do traballo?

*Diana colga a chamada*

**Diana:** que va, o cura que di que non atopa a roupa para o domingo

**Xana:** pois que a busque cona, ou non ten ollos?

*Diana asente estando completamente de acordo*

**Nina:** Xesús!

**Maura:** a ver e que é teu curmán, non?

**Diana:** teño os curmáns máis parvos de toda a aldea

*Érguese Aurelia buscando a súa cervexa e pola ventá ve que veñen Calisto e Cinesio*

**Aurelia:** nenas! Aí veñen

**Nesta frase David e Jordi tedes que ir camiñando cara o fondo do auditorio e tedes que RECOLLER O FOCO E AS CADEIRAS que quede todo pegado na parede**

*O coro érguese para ver o que pasa*

**Eurídice:** que veñan que veñan

**Clío:** xa verás como lles acabando batendo coa vasoira

**Cinesio** (*no fondo do auditorio no pasillo*): só queremos falar

*Revolta entre as mulleres ao redor de Lisi*

*Figura ao redor de Lisi*



**Nina:** Qué facemos?

**Petra:** Ai por deus que van ver todo isto...

**Maura:** Non se poden enterar

**Olimpia** (*colle o sachó e avanza decidida cara a porta*): Tranquilas que xa lle dou eu co sachó

**Todas:** non, non

**Aurelia:** dálle, dálle

*Lisi manda calar co seu xesto significativo*

*O resto sitúanse en imaxe de loita coas agullas*

### COMEZA A COREOGRAFÍA MIDAS

As mulleres do escenario que son as da foto fan un corrillo + Aida (que non está na foto)

### COMEZA A MÚSICA

- **David e Jordi quedan no pasillo central** no fondo do auditorio vendo como as mulleres se están preparando, eles que viñan en son de paz con este xesto delas cambian e pasan a ser “animais de caza”. Con isto quero dicir que a loita metafórica que se vai producir vai ter unha interpretación antinaturalista.
- **Ao mesmo tempo** que David e Jordi se preparan para cazar o **coro prepárase tamén para a loita** e colle as **vasoiras coma se foran escopetas**
- **David e Jordi camiñan** uns poucos pasos **facendo sons** e o **coro apúntalle** coas súas armas
- CANDO COMEZAN A CANTAR (non antes) as mulleres plántanse en liña no primeiro termo de escenario e o mesmo que David e Jordi, transfórmanse en cans de caza
- Ao velas David e Jordi teñen medo e dan uns pasos cara atrás
- Rosa e Mónica aproveitade este momento para arrimar as cadeiras e o foco á parede
- DIVÍDESE O GRUPO DAS MULLERES

LADO DEREITO	LADO ESQUERDO
Belfy	Natalia
Eva	Arancha
Silvia	Aida
Yoli	Isolina
Belén	Mónica
	Rosa

**Cada grupo vai saír rápido cara os laterais do escenario**, refírome aos pasillos onde están os homes e o coro durante o resto da obra

- **Ao ver isto**, os **homes** corren cara o escenario e **buscan as súas armas que serán agullas** de calcetar
- As **mulleres** irán polo **pasillo central** como unha **manada** (INCLUIDO CORO)
- No tempo 00:30 – **David e Jordi** no escenario coas **agullas e as mans en cruz**
- **Rapazas, cando fagan isto** todas quietas e **pegadiñas** e facendo **movementos** coma unha **serpe**

- No tempo 00:43 – **Yoli fan a sinal** de que sigan para adiante e non se deixen embaucar (isto é a representación de que o patriarcado cando quere pode ser moi convincente chegando a dubidar de nós mesmas)
- **Jordi** cando vexas que as mulleres veñen ao escenario **escóndeste** detrás de David. Mentras **David colles** unha das **cadeiras e séntaste** como o fan os boxeadores antes de un combate
- **Mulleres chegades ao escenario**
- **Eva e Belén colledes** unha cadeira e a **poñedes igual que David** pero **no lado contrario** do escenario
- **Sobran dúas cadeiras** que **as colleredes MÓNICA E ROSA** e **as situaredes no fondo do escenario no centro** porque vades indicar cando comeza o asalto
- **David sentado** e **Jordi dándolle masaxes e animando**
- **Yoli sentada** e **Natalia dándolle masaxes** e **o resto** de mulleres **ao redor** dela **animando**, facendo forza
- No tempo 00:50 **David levántase** e **Yoli fai o mesmo** e vos vades encarar no centro do escenario
- Cando **Yoli se levanta** o resto de mulleres poñédesvos **detrás dela MENOS ISOLINA QUE VAS COLLER O SACHO E AMEAZAR DESDE ATRÁS**
- **Yoli e David** situados **no centro** e **vades facer un círculo ao redor** deles (isto é para xustificar o cambio de posición)
- **David dará o primeiro golpe** e as **mulleres ao chan MENOS CORO** que porá caras de que foi un duro golpe
- As mulleres no chan **LEVÁNTASE PRIMEIRO LISI** e volven a encararse
- **Levántanse o resto de mulleres na formación inicial detrás de Lisi** que vai **atacar directamente as pelotas de David** que se **vai por de xeonllos**. Isto ocorre na frase da canción “arrodillate a rogalo”
- A continuación **érgueste David** e **vas para a cadeira** con Jordi
- **Yoli e as rapazas fan o mesmo**
- Mentras os grupo mulleres/homes se preparan para o seguinte asalto o **CORO collerá unhas pancartas que porá ESCENA DE LOITA** e **darán unha volta polo escenario**
- Cando remate o coro, **dúas das mulleres érguense** (non poño nome porque non sei quenes serán) e comenza a **bailar muíñeira**. **O resto** fará pequenos xentos por detrás (seguramente a **posición de descanso cos brazos en xarra**)
- **David e Jordi intentan bailar pero non lle sae** (tedes que bailar mal a propósito)
- Isto vai facer que as mulleres collan forza e **se xunten para facer a figura da serpe que fixemos no corredor** que acabarán **ameazando coas agullas**
- Cando as **mulleres ameazan David e Jordi ao chan de xeonllos**, acabades de perder
- **A coreografía remata rodeando aos homes e ameazando coas agullas**

## ESCEA 8 – Medo dos homes

**Cinesio:** (rindo) non estades falando de verdade, a qué están de broma? (*a Calisto*)

**Calisto:**(ri sen saber moi ben porqué) non poden falar en serio

**Cinesio:** todo isto pola calceta?

**Lisi:** ai, vexo que non entendiches nada

*O coro vai polas vasoiras*

Comeza **Lisi** *Noso corpo, nosa decisión, nosa voz!*

Todas **Noso corpo, nosa decisión, nosa voz!** *Movéndose polo espazo coas agullas*

*Mentras tanto Calsito e Cinesio vanse colocar na súa posición*

**Olimpia** (*toma o centro no escenario*): Se nos paramos, o mundo para

**Lisi** (*ao lado de Olimpia*): e se o mundo para, a guerra remata

**As mulleres volven a súa posición na que algunhas estades de pé e outras sentadas calcetando, peinando e Aida bebendo**

**ESCEA 9 – Pasan as semanas**

**Música-entrada de Cinesio e Calisto**

*Na súa posición*

**Coro** *na súa posición*

**Eurídice**: canto tempo credes que vos van ter así?

**Cinesio**: a man dereita nin a sinto

**Clío**: seguro que só comen latas de sardiñas...

**Cinesio**: ti polo menos podes estar tranquilo vendo a televisión no sofá. A min chamoume onte o cura que non lle queda roupa limpa para dar a misa. Ala fun, e efectivamente cheiraba como un castrón. Así que primeiro metino na pia con ben de xabón, que a auga bendita non quita o cheiro. Ao final atopamos un chándal do Barcelona do 92

**Calisto**: que boa época da Barça...

**Coro**: que boa época...

**Cinesio**: despois chamoume o carteiro para preguntarme cal era a maneira máis eficiente de lavar a louza. Que di que tarda moito e non pode ver os deportes.

**Calisto**: o meu veciño está só cos fillos e a miña ventá da o seu cuarto de baño, pois xa levo dous días que non os vexo que está ata riba de toallas

**Cinesio**: e que non sabemos facer nada eh!

**Coro**: (preguntades ao público) diso se trata, non?

**Cinesio**: como?

**Eurídice**: elas están loitando para ter voz, unha voz que nunca escoitades porque sempre están aí.

**Clío**: Pero agora xa non están e estades perdendo a guerra

**Cinesio** (*reflexiona*): teñen que ser escoitadas, merecen ser escoitadas. E desde cando te volviches tan profundo Calisto?

**Clío**: e que non atopa o mando da tele e leva semanas vendo a película *Matria* en bucle

**Eurídice**: qué película é esa?

**Calisto:** pois unha feminista Eurídice, que parece parva!

**ESCEA 10 – Facemos as paces?**

*As accións poden ser variadas pero a idea é que calceten*

**Catuxa:** Lisi, como se che ocorreu a folga sexual?

**Lisi:** axudando ao maior cos deberes de grego, resulta que é unha obra que se escribiu o 411 a.C.

**Maura:** e segue sendo un tema moi relevante na actualidade

**Xana:** e seguen pensando que poden facer de nós un pandeiro

**Todas:** iso!

**Petra:** teñen que mexar por nós e dicir que chove

**Todas:** claro!

**Diana:** agora estanse dando conta do importante que somos as mulleres na sociedade

**Aurelia:** si, si, o que digades pero a min a falta de varón...

**Maura:** pero se eres viúva!

**Xana:** non sabes o que se move na Paulino nena, homes e mulleres

**Olimpia:** eu de maior quero ser coma ti (a Aida)

*Calisto e Cinesio colocados no seu lugar comezan a correr no sitio*

**Diana** que nese momento está retocando as cartolinas do chan mira cara fóra e ve a Calisto e Cinesio correndo

**Diana:** Non o podo crer!

**Xana** tamén os ve

**Xana:** ai oh, inda vades afogar!

**Todas** as mulleres achéganse a ver o que as compañeiras están mirando

**Lisi:** son...

**Petra:** Calisto e Cinesio

*Despois desta frase David e Jordi desplázanse ao escenario*

*Cando entran eles tamén entra CORO coas vasoiras*

*Calisto e Cinesio chegan ao escenario intentando recuperar os folgos*

**Calisto:** xa o entendemos

**Cinesio:** non é pola calceta

**Calisto:** e a necesidade de ter un lugar, ter unha voz

**Cinesio:** sodes moito máis importantes do que pensábamos

**Calisto:** con vos todo comeza

**Cinesio:** de feito sen mulleres, non habería homes

**ESCEA 11 – Fin?**

**Xana:** non era sen tempo

**Maura:** xa vos destes conta?

**Cinesio:** a loita vai moito máis alá que a calceta

**Calisto:** reclamades espazos e dereitos

### **CORO DÁLLE AS VASOIRAS E SITÚASE CO RESTO DE MULLERES**

**Catuxa** (collendo un ovelo de la): hoxe recuperamos as nosas tardes de calceta. Mañá, todo o demais que nos pertence

*As mulleres sitúanse en círculo cun ovelo de lá na man*

*Calisto e Cinesio participan de maneira respetuosa collendo as vasoiras e varrendo*

### **ESTE TEXTO AO PÚBLICO DIRECTAMENTE**

**Aurelia:** unha puntada ben feita arranxa todo

**Nina:** da calceta aprendemos que con paciencia e forza, pódese tecer un novo mundo

**Xana:** un punto detrás do outro, ata os máis tercos aprenden a lección

**Diana:** o truco non está na agulla nin no fío, está en non deixar que ninguén desfaga o que tecemos xuntas

**Olimpia:** pensei que perder unha tarde non era nada, pero ao final entendín: perder a liberdade é todo

**Catuxa:** se saben o que lles convén, non volverán tirar dos fíos que sosteñen a nosa paz

**Lisi:** por cada fío que nos arrebataron, tecimos mil máis. Agora, é o noso momento de decidir

**Cinesio:** non entendía o que significaba para vós pero agora sei que a paz tamén se tece con respeto

**Calisto:** aprendín que non hai forza máis grande que as mulleres unidas

**Clío** (aos homes): agora non soltedes o fío outra vez

**Eurídice:** a calceta volveu, pero con ela, chegou algo mellor: mulleres que saben o que valen

**FIN**